


AS ATOCHAS
ZONA A DEFENDER








As Atochas. Zona a Defender (ZAD)

ÍNDICE DE ARTIGOS

Edita: Refuxios da Memoria.
Colabora: CRMHd'AC













AS ATOCHAS

DE ALDEA A BARRIO OBREIRO

XOSÉ LOIS MARTÍNEZ





As Atochas: de aldea a barrio obreiro

Xosé Lois Martínez

Nos planos da Coruña do século XVIII, obsérvase a presencia dunha única aldea da Península da Torre... Unha pequena aldea coas formas propias dos asentamentos tradicionáis da Galiza rural, emprazada a media ladeira entre Os Pelamios e o cumio de Montealto.

A ermida da Nosa Sra. de Atocha serve de centro e límite entre os dous rueiros do asentamento: A Atocha Baixa (o mais próximo ás murallas) e a Atocha Alta (entorno ao camiño que subía aos muiños de vento de Monte Alto).

Este asentamento aldeán excluido da cidade contaba cun centenar de casas de labregos que traballarían as terras da península, ás que accedían a través dunha fina rede de camiños agricolas nas Agras de Monte alto e da Torre.

A apertura da Rúa do Hospital, a rectificación da estrada da Torre, e a nova construción da estrada de "Orillamar" coas súas xeometrías rectilíneas, abren a península á implantación do cimiterio, da fábrica de sombreiros e de xabrós,... constrúese o Hospital da Caridade-Hospicio, cuartéis de Zalaeta e de Artillería, e fábricas de vidros, madeiras, de gas... creándose un enclave industrial próximo á vella aldea que vai transformala nun dos barrios obreiros da Coruña decimonónica.

O derrubo das murallas da Cidade Vella (1850) permitiría unha nova relación entre a Cidade Vella e as Atochas: sen embargo a retención polo Ministerio da Guerra do Campo da Estrada e parte do Campo da Leña, coa construción do Cuartel de Infantería (1859 - 1864) introduciu unha barreira de 175 metros de lonxitude e tres plantas de outo abortóu a creación de tecido de enlace entre a Cidade e as Atochas.

Pola proximidade ás industrias, as Atochas será o espazo no que se visualizará a periferia obreira, polarizando unha das áreas residenciáis da inmigración proletaria. Un espazo no que xerminarán os movementos, entidades e circulos obreiros, que xunto co gran espectáculo do entroido terá na rúa da Torre o seu







referente por antonomasia, o espazo público convertido episódicamente no escenario da liberdade dos desheredados.

Nos planos da Coruña entre 1845 e 1934, obsérvanse as transformaciós da aldea coa ocupación das hortas, apertura das rúas de San Xoán, José Nakens (Actual San Xosé), Montroig e Marconi e o desenvolvemento de ringleiras de vivendas nas rúas da Torre e Orillamar.

Fronte ao "urbanismo formalizado" das áreas residenciais burguesas na Praza de María Pita, ou no ensanche do Campo do Carballo, os planos mostrannos o crecemento fragmentario, deslabazado e "sen forma" da periferia obreira.

Entre 1860 e 1900, cando se conforman as paisaxes identitarias da cidade-capital, coa arquitectura das galerías despregándose ao longo da Mariña, a unha distancia duns 300m, nas Atochas, sobre a rede de camiños e "veredas" das Atochas, constrúese "a outra paisaxe", a cara oculta da cidade.

As rúas das Atochas Alta e Baixa, a da Fonte Seoane, da Torre, do Cemiterio, Campo de Marte... foron os ámbitos espaciais elexidos para construir as "casas terrenas", un tipo de edificio "acorde coa pobreza das familias que nelas soen habitar e apropiadas para os seus hábitos e escasos recursos": a vivenda obreira, excluida polas ordenanzas das rúas da cidade e dos ensanches burgueses, modificará o aspecto da aldea e da súa contorna de inmediato, ata transformala na paisaxe da periferia proletaria.
Nos planos da Coruña do século XVIII, obsérvase a presencia dunha única aldea da Península da Torre... Unha pequena aldea coas formas propias dos asentamentos tradicionáis da Galiza rural, emprazada a media ladeira entre Os Pelamios e o cumio de Montealto.


A ermida da Nosa Sra. de Atocha serve de centro e límite entre os dous rueiros do asentamento: A Atocha Baixa (o mais próximo ás murallas) e a Atocha Alta (entorno ao camiño que subía aos muiños de vento de Monte Alto).
Este asentamento aldeán excluido da cidade contaba cun centenar de casas de labregos que traballarían as terras da península, ás que accedían a través dunha fina rede de camiños agricolas nas Agras de Monte alto e da Torre.

A apertura da Rúa do Hospital, a rectificación da estrada da Torre, e a nova construción da estrada de "Orillamar" coas súas xeometrías rectilíneas, abren a





As Atochas - Finais do S.XVIII



As Atochas - 1865

península á implantación do cimiterio, da fábrica de sombreiros e de xabrós,... constrúese o Hospital da Caridade-Hospicio, cuartéis de Zalaeta e de Artillería, e fábricas de vidros, madeiras, de gas... creándose un enclave industrial próximo á vella aldea que vai transformala nun dos barrios obreiros da Coruña decimonónica.

O derrubo das murallas da Cidade Vella (1850) permitiría unha nova relación entre a Cidade Vella e as Atochas: sen embargo a retención polo Ministerio da Guerra do Campo da Estrada e parte do Campo da Leña, coa construción do Cuartel de Infantería (1859 - 1864) introduciu unha barreira de 175 metros de lonxitude e tres plantas de outo abortóu a creación de tecido de enlace entre a Cidade e as Atochas.

Pola proximidade ás industrias, as Atochas será o espazo no que se visualizará a periferia obreira, polarizando unha das áreas residenciáis da inmigración proletaria. Un espazo no que xerminarán os movementos, entidades e circulos obreiros, que xunto co gran espectáculo do entroido terá na rúa da Torre o seu referente por antonomasia, o espazo público convertido episódicamente no escenario da liberdade dos desheredados.

Nos planos da Coruña entre 1845 e 1934, obsérvanse as transformaciós da aldea coa ocupación das hortas, apertura das rúas de San Xoán, José Nakens (Actual San Xosé), Montroig e Marconi e o desenvolvemento de ringleiras de vivendas nas rúas da Torre e Orillamar.






Fronte ao "urbanismo formalizado" das áreas residenciais burguesas na Praza de María Pita, ou no ensanche do Campo do Carballo, os planos mostrannos o crecemento fragmentario, deslabazado e "sen forma" da periferia obreira.

Entre 1860 e 1900, cando se conforman as paisaxes identitarias da cidade-capital, coa arquitectura das galerías despregándose ao longo da Mariña, a unha distancia duns 300m, nas Atochas, sobre a rede de camiños e "veredas" das Atochas, constrúese "a outra paisaxe", a cara oculta da cidade.

As rúas das Atochas Alta e Baixa, a da Fonte Seoane, da Torre, do Cemiterio, Campo de Marte... foron os ámbitos espaciais elexidos para construir as "casas terrenas", un tipo de edificio "acorde coa pobreza das familias que nelas soen habitar e apropiadas para os seus hábitos e escasos recursos": a vivenda obreira, excluida polas ordenanzas das rúas da cidade e dos ensanches burgueses, modificará o aspecto da aldea e da súa contorna de inmediato, ata transformala na paisaxe da periferia proletaria.




As Atochas - 1874



As Atochas - 1930













AS CASAS DAS ATOCHAS
PATRIMONIO OBREIRO

A TIPOLOXÍA ARQUITECTÓNICA DA VIVENDA OBREIRA NA CORUÑA ENTRE 1850 E 1920

XOÁN MOSQUERA





As casas das Atochas: patrimonio obreiro

Xoán Mosquera

Este texto xorde da pregunta sobre o valor arquitectónico da agrupación de vivendas da Travesía de Atocha, que aínda atopamos como o fondo que caracteriza a praza do Coro Cantigas da Terra, e chega ata as rúas Mondoñedo e Pintor Román Navarro.

Que ten de valiosa esta agrupación de vivendas na Atocha Alta?

A resposta máis sintética e elocuente pode chegar ollando ás mesmas forzas económicas que pretenden condenar estas vivendas á desaparición:

Baixo dinámicas xentrificadoras como a que hoxe acontece nos barrios das Atochas e Monte Alto, os escasos exemplos da vivenda obreira que aínda subsisten son os inmobles máis cobizados polo mercado inmobiliario. Baste lembrar como a reconstrución de inmobles no Campo de Artillería, no corralón da Escola de Prácticas de Artillería (rúas Independencia e Salgado Somoza) e o paradigmático caso do Campo de Marte, son hoxe o produto inmobiliario que atrae ás rendas máis altas, escollendo este barrio como lugar de residencia precisamente polas singulares condicións deses inmobles.

Ese reflexo da posta en valor do patrimonio arquitectónico que son os catálogos de protección, na Coruña só recentemente comezou a incluír algúns destes exemplos, case completamente borrados polas sucesivas vagas de renovación urbana.
Con todo, unha salvagarda que deriva na disociación da contorna social do barrio non deixa de ser unha concepción deturpada do patrimonio, usurpadora da memoria. Convén lembrar que existen outros modelos e para nada recentes ou descoñecidos, nos que cristalizou outra cosmovisión radicalmente diferente do sentido do patrimonio.






Non é casual que a partir da década de 1960 a resistencia popular ás iniciativas de renovación urbana en moitas cidades fosen loitas pola preservación e mellora dun hábitat histórica e socialmente consolidado. Simplemente por proximidade pode citarse o caso da efémera experiencia dos SAAL na cidade de Porto ao calor da Revolución dos Caraveis, na que a loita veciñal pola mellora das condicións da vivenda ía unida ao mantemento das condicións de comunidade das ilhas (tipoloxía filoloxicamente idéntica á dos ranchos coruñeses). A preservación das condicións de agrupamento e veciñanza eran como patrimonio máis transcendentes que o cosmético respecto filolóxico aos inmobles, e así quedou reflectido nas solucións tipolóxicas das operacións máis afortunadas do SAAL.

Estas vivendas que aínda subsisten nas Atochas antes que nada son para o barrio lugares da memoria, ou máis ben *refuxios da memoria*. Os lugares da memoria pouco ou nada teñen que ver co xénero da historia. A plenitude do seu interese non está no depósito de datos que, como nun fósil ou nun xacemento arqueolóxico, amorea ingredientes a disposición do o relato histórico. A memoria refírese ao que *xa non é*, pero que vincula pasado e presente para unha comunidade concreta. Constitúe o vínculo afectivo da proxección dunha determinada ideoloxía cara o pasado. Os refuxios da memoria son eses lugares concretos nos que esa comunidade pode fixar e reafirmar esa parte da súa cosmovisión que precisa do pasado. Refuxio no medio dese vento tempestuoso que irremediablemente tira das ás do *anxo da historia*.

As vivendas polas que nos preguntamos son unha das derradeiras pegadas físicas do Labirinto das Atochas. Nela aínda é posible recoñecer e evocar o espazo doméstico no que xurdiron algunhas das iniciativas máis salientables do primeiro movemento obreiro da Coruña. A vivenda e a súa contorna inmediata de comunidade eran daquela o centro de gravidade da reprodución social, lugar de singular relevancia para o tecido e transmisión da conciencia de clase, da concepción da sociedade e do seu desexo de transformación.

Cando unha construción é valiosa por ser representativa dun xénero, a argumentación pasa a ser a da familia de construcións coas que comparte as súas leis. O conxunto de vivendas da Atocha Alta ten relevancia arquitectónica por varios motivos:

En primeiro lugar porque constitúe a derradeira permanencia do núcleo histórico que conformaba o barrio periférico á Cidade Alta e a Pescaría na península da Torre, que aínda conserva unha agrupación consistente de inmobles, en número






suficiente capaz de evocar as formas, proporcións, espazos e tipos de comunidade que foron estragadas no resto das Atochas.

Pero por outra banda as edificacións existentes son representativas dun tipo específico de inmoble: a vivenda obreira. Iso atopa cunha primeira dificultade: Non existen estudos sobre a tipoloxía arquitectónica e morfoloxía urbana que xerou a produción de vivenda obreira na Coruña, salvo unha notable excepción (1).

Polo tanto o corpo deste texto debe centrarse en caracterizar a produción da tipoloxía arquitectónica coa que emparenta e á que se deben os inmobles que subsisten na praza Coro Cantigas da Terra.

A produción de vivenda obreira na Coruña entre 1850 e 1920 ten dúas vertentes: Por un lado a que se acomoda nos núcleos históricos periféricos á cidade amurallada, principalmente As Atochas e Santa Lucía. Nestes asentamentos acontece unha importante transformación, na que inmobles existentes se remodelan ou substitúen polos tipos edificatorios da vivenda obreira. Outros novos enchen os intersticios que quedaban na trama urbana, uns e outros preservando as principais características do barrio.

Por outra banda xorden novas agrupacións de vivenda na contorna deses barrios e como extensión deles. Por mor destas operacións a área das Atochas será a periferia con maior actividade edificatoria a partir de 1855, cunha relevancia que se manterá ao menos ata 1880.

A caracterización tipolóxica neste texto comezará por esta segunda vertente, xa que as súas condicións de produción, libres dos condicionamentos accidentais da inserción dun inmoble concreto nunha trama existente, reflicten con maior claridade a especificidade tipolóxica da vivenda obreira e as variantes posibles. Son ademais as operacións que ensaian as fórmulas de vivenda que inmediatamente aparecerán nos núcleos encargados de absorber a residencia proletaria na Coruña.

---

(1) A tese doutoral de Xosé Lois Martínez Suárez, A Coruña: A Construción da Cidade Liberal (1991) contén un amplo apartado dedicado á vivenda obreira, abordada coa perspectiva da relación entre tipoloxía arquitectónica e morfoloxía urbana.






A transformación económica e demográfica da Coruña a partir de 1850

As formas da residencia obreira xorden nun momento moi concreto da longa crise do Antigo Réxime, que no rural se manifesta na detención da expansión agraria; na destrución das estruturas difusas e diseminadas de produción por mor do impacto comercial da revolución industrial fóra de Galicia; no cambio dos axentes captadores da riqueza que representan as desamortizacións ou o caciquismo, herdando o anterior rol da nobreza e a fidalguía. Finaliza un período de crecemento demográfico e iníciase un ciclo de emigración masiva. O limitado desenvolvemento industrial das cidades galegas só pode captar unha pequena parte desa poboación.

Con todo, a cidade da Coruña experimenta un forte despegue demográfico a partir de 1855, principalmente alimentado pola migración do rural, que como clase subalterna pasa a engrosar o proletariado urbano.

O rol económico da promoción inmobiliaria

O estudo destas formas de residencia non debe abordarse como mera consecuencia do desenvolvemento industrial e urbano, senón que a produción das mesmas é outra compoñente máis das lóxicas extractivas propias do binomio capital-traballo, estendidas ao espazo da reprodución social da forza de traballo. Dito doutro xeito, doado de entender no espello da burbulla inmobiliaria 1997-2007 e na máis actual do alugueiro: O crecemento urbano non ten porque ser consecuencia do crecemento económico, senón o principal motor da expansión económica.

O tipo de produción industrial que despega na Coruña a mediados do XIX oriéntase á satisfacción das necesidades internas da cidade e a súa área de influencia. A industrialización non desencadea desenvolvemento urbano, senón ao revés: Á vez que desaparece unha parte das actividades orientadas ao comercio de ultramar do XVIII, os novos establecementos fabrican mobiliario para a demanda local, transforman madeira para a construción, gas para o subministro urbano, procesan alimentos, consumibles, así como bens para o florecente negocio do transporte de emigrantes.

O aloxamento das clases máis modestas da cidade é tamén outro campo do motor inmobiliario. A endémica insuficiencia do parque de vivenda obreira e as pésimas condicións de habitabilidade que cruzan a totalidade do período estudado, non






debe conducir á interpretación desta como sector paracapitalista obviado polo mercado e á marxe deste. Todo o contrario: A súa carestía, sexa ou non premeditada, opera aparellada ao salario como factor de control da reprodución social do proletariado.

A vivenda obreira é outra expresión da centralidade que nese momento adoita o sector da construción no desenvolvemento económico da cidade, de xeito análogo á aparición da casa de renda como produción comercial para as clases máis acomodadas. Así, os beneficios da compravenda de terreos e as plusvalías da promoción esténdense nos alugueiros ao longo da vida útil do inmoble.
En termos de negocio o tipo de produción aspira ao de economía de escala, necesaria para a obtención de elevadas plusvalías cun tipo de vivenda sobre a que non é posible extraer rendas moi elevadas.

Así, a maioría das vivendas obreiras que se constrúen entre 1860 e 1920 son operacións urbanísticas compostas de varios inmobles, que se forman a partir da parcelación de propiedades de considerable tamaño respecto á media da cidade. A tenencia deses terreos está concentrada en poucas mans (aínda que unha vez parcelados algúns lotes sexan obxecto de compravenda), case sempre as mesmas que posúen os establecementos industriais da cidade, á súa vez próceres das institucións burguesas da Coruña.

As promocións de vivenda obreira son contiguas ás industrias, ou substitúen instalacións fabrís do XVIII, sempre en localizacións periféricas á cidade histórica. As razóns da localización débense á concorrencia e retroalimentación de varios factores: As industrias tenden a ocupar as beiras menos favorables da cidade, o que á súa vez reduce o atractivo destas periferias para outro tipo de usos máis prestixiados, supoñendo unha sorte de *autocontrol* do prezo do solo, que incide nunha menor repercusión na ulterior promoción inmobiliaria.

A concomitancia destes factores dá vocación ás diferentes direccións de expansión da cidade, producindo un tipo de segregación social por barrios, diferente á máis mesturada que ata entón se daba na Cidade Vella e Pescaría. A homoxeneidade social acentuarase nos barrios obreiros, en concordancia co tipo de concentracións propias das urbes do momento, ata que se fixe o seguinte modelo urbano (1948) e industrial (1964).






Os procedementos de deseño para xestión das promocións de vivenda obreira

Para dar unha definición tipolóxica da vivenda obreira será necesario completar antes algunhas consideracións sobre as ferramentas de xestión das promocións: A adaptación do folgado tamaño das propiedades de partida para recibir as vivendas consiste nunha subdivisión e segregación do solo en parcelas, o que leva implícito moita da caracterización tipolóxica dos inmobles que se construirán en tódolos casos: vivendas acaroadas en ringleira.

As primeiras promocións xorden na década de 1860, e a modalidade de xestión que adoita a subdivisión parcelaria como proxecto previo e independizable do de edificación non é unha completa novidade, pero si o seu emprego sistemático no desenvolvemento urbanizador.

Á marxe de hábitos culturais e tecnolóxicos na construción, optar polo modelo de vivenda acaroada (na vez de unidades edificatorias máis grandes, con maior número de domicilios e aproveitamento máis intensivo do solo) ten que ver co baixo risco financeiro asumido nestas operacións, proporcional á amortización en forma de alugueiros.

Pese a que a Lei de Inquilinato de 1842 liberaliza o prezo dos alugueiros e deroga os prazos mínimos de revisión e suba ata entón vixentes, as rendas que era posible extraer dunha clase traballadora explotada e con salarios ínfimos tiñan as súas limitacións.

Por iso a edificación de moitas das promocións execútase progresivamente, por inmobles que habitualmente contiñan de dúas a catro vivendas cada un. O modelo de vivenda acaroada proporcionaba un mecanismo flexible co que dar rendemento ao exceso de liquidez do propietario. No caso contrario permitía monetizar activos coa venda dos solares pendentes de executar. Pero tamén o control dunha limitada oferta de vivenda que se poñía no mercado indirectamente facilitaba que o prezo dos alugueiros se mantivese no máximo admisible.







A ordenación da parcelación das promocións

É posible tipificar as ordenacións posibles, segundo as proporcións da propiedade que será subdividida en soares e o grao de contacto coas vías existentes, ambos baixo o prisma do beneficio económico das operacións.


Este aspecto ten gran importancia, porque cada organización produce uns episodios máis ou menos salientable do tecido urbano que contribúen a formar, que en maior ou menor grao transcende o ciclo de vida das edificacións segundo a permanencia do parcelario na actualidade. Pero tamén os sistemas de agrupación promoven determinados xeitos de convivencia entre unidades familiares, máis recollidos ou envorcados ao barrio:

- Aproveitamento dos lindes da propiedade á vía pública existente para localizar nestes a fronte da promoción de vivendas en ringleira. É a solución óptima cando a fronte da propiedade á vía é extensa respecto a súa profundidade.

- Organización das ringleiras de vivendas arredor dunha apertura viaria que atravesa o interior da parcela, quedando a vía integrada na trama viaria do barrio. É o máis común nas propiedades cuxa máxima extensión transcorre entre dúas vías. Existe unha variante cando a traseira coincide cun accidente xeográfico, como pode ser o borde litoral, na que a apertura viaria produce rúas en fondo de saco.

- Creación dun espazo comunal no interior da parcela. Esta é a forma máis característica da agrupación que na cidade adoita un nome específico: o rancho. Segundo a disposición das vivendas en ringleira no interior, pode adoitar organización de corrala, canellón/venela, ou ata un pequeno tecido urbano de vivendas no interior.





Parcelacións para a promoción de vivenda obreira (1860-1925)

X. L. Martínez. A Coruña: A Construción da Cidade Liberal. Tese doutoral. 1991




A relación entre o tamaño das parcelas e a distribución óptima das vivendas

Os intereses extractivos promoven acadar o maior número posible de inmobles na fronte viaria dispoñible, e polo tanto que cada unha teña a fronte mínima viable, confiando todo o posible na extensión en profundidade o encaixe do programa doméstico. Porén, cada unha ten as súas limitacións:

O acaroamento dos inmobles en ringleira implica a existencia dunha fronte e dunha traseira. As dependencias deben quedar vinculadas a unha ou outra, o que a efectos de ventilación e iluminación marca o límite na profundidade da vivenda e a parcela. O recuso aos patios de ventilación ten repercusións económicas a evitar neste xénero de promocións. Os inmobles nos testeiros case nunca aproveitan tipoloxicamente as vantaxes de poder dispor ocos no paramento lateral cando estes dan a vía pública.

O programa máis común dispoñía unha vivenda por andar, organizando cada unha en dúas dependencias referidas respectivamente á fronte e a traseira, case sempre acompañadas das correspondentes alcobas, e ata unha peza de almacenamento entre estas, que era o que decidía a profundidade da construción, de entre 7,00 e 15,00 m.

As medidas da fronte de parcela están en relación ao número de ocos. Dous é o número mínimo co que contar cunha entrada ás vivendas do inmoble e con ventilación das habitacións frontais da planta terrea, o que produce frontes habitualmente entre 4,50 e 6,00 m de lonxitude.

O acaroamento propiciaba unha solución óptima para a escaleira de acceso ás vivendas superiores, desenvolvida nun único tiro a carón do muro medianeiro, acompañada dun corredor de distribución paralelo a esta dentro de cada vivenda. A maior anchura dispoñible cara a traseira unha vez salvada a escaleira permitía a aparición dun novo cuarto, maior amplitude da dependencia ao patio traseiro, ou o encaixe de retrete e cociña.

A posición traseira de cociñas e retretes viña tamén determinada pola normativa urbanística, cuxa influencia na definición tipolóxica se tratará de seguido.


VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA UNIFAMILIAR

ANCHOS	4,50 m	4,85 A 5,15 m	5,50 m	6,00m (2 OCOS)	6,00m (3 OCOS)	6,50 m	7,00 m. (2 OCOS)	7,00 m (3 OCOS)
ALZADO								
PLANTA BAIXA								
PLANTA ABUFARDADA								
SITUACION	ORILLAMAR	CAMPO DE ARTILLERIA	ADELAIDA MURO	ATOCHA BAIXA	BERBIRIANA	ESTRADA CIRCUNVALACION	ORILLAMAR	ORILLAMAR - SAN AMARO

VIVENDA OBREIRA: CASA TERREA PLURIFAMILIAR

	4,50 m.	5,00 m.	5,50 m.	5,75 m.	6,00 m.	6,30 m.	7,00 m.	8,60 m	9,00 m
ALZADO									
PLANTA BAIXA									
PLANTA ABUFARDADA									
	HOSPITAL	CAMPO DE MARTE	FALPERRA	ADELAIDA MURO	ORILLAMAR	RUA INDEPEDENCIA	ADELAIDA MURO	RUA DA TORRE	RUA DA TORRE

VIVENDA OBREIRA: CASA DE PISOS



Clasificación tipolóxica da vivenda obreira

X. L. Martínez. A Coruña: A Construción da Cidade Liberal. Tese doutoral. 1991

A influencia da normativa urbanística na tipoloxía arquitectónica e a imaxe urbana

A interpretación das consecuencias da normativa urbanística debe abordarse cun dobre sentido. No máis inmediato: entendelo como o aparato legal controla e fiscaliza as construcións.

Pero ademais de prescritivas as ordenanzas son á vez feitos notariais. Recollen e fixan hábitos previos no deseño arquitectónico, tecnolóxicos e de organización do traballo de edificación, pero tamén programas domésticos e modos de vida subxacentes.

As Ordenanzas de Policía Urbana e Rural para a Cidade da Coruña (1854) son o principal factor de regulación do urbanismo da cidade no momento que comeza a configurarse a vivenda obreira como xénero de características propias.




No marco dos restantes títulos destas ordenanzas (que igualmente regulaban as actividades no espazo público, circulación, seguridade, salubridade, sanidade alimentaria, ou comercio) a ideoloxía hixienista vai tomando peso na edificación, se ben cun nesgo implícito de localización e clase. Convén lembrar que estas ordenanzas son editadas no ano da praga de cólera máis devastadora que asolou A Coruña.

As disposicións relativas ás instalacións de hixiene son as únicas que condicionan a organización das dependencias dentro dos inmobles, orientando retretes e aseos á fachada traseira (art. 76). A obriga de dispoñer dun pozo para o saneamento dentro da propiedade no caso de que a rúa careza da correspondente rede (o feito máis común na localización das novas promocións) fai que o patio traseiro sexa o medio máis rendible para o cumprimento dos elementais estándares hixiénicos (art. 92).

A volumetría e imaxe dos edificios é tamén un factor de zonificación social, xa que a *casa terrea* (herdeira da vivenda mariñeira máis modesta) non é permitida nas rúas principais (art. 83). Pero tamén outras determinacións sobre balcóns, galerías e voos (art. 70, 73, 74, 77 e 81) promove un forte contraste entre a vivenda burguesa (na que todo ese repertorio retórico é autorizado a partir do segundo andar) e a obreira, que case sempre queda por debaixo da altura que permite incorporar elementos en voo.


A economía construtiva contribúe tamén a producir alzados completamente contidos no plano da aliñación de fachada, que caracterizan as agrupacións de vivenda obreira. Os ocos (xanelas rachadas a partir do primeiro andar), a súa proporción e ritmo de regular alternancia entre cheos e macizos serán as obrigadas ferramentas compositivas (art. 69 e 70). Os ocos deben cercarse con zócalos, pilastras, faixas ou impostas.


Estas sinxelas determinacións compositivas son capaces de producir unha paisaxe urbana moi concreta, que acada un grao de regularidade inédita na Coruña e que non se repetirá no futuro.

Iso non foi óbice dun resultado complexo e de enorme calidade urbana. A ausencia de elementos retóricos, ou voos que dificulten a percepción do conxunto en escorzo, fan do ritmo o protagonista da imaxe urbana. Pese a súa regularidade a articulación das compoñentes permite simultanear diferentes cadencias, capaces de producir unha cantidade ilimitada de variacións e conxugacións.







En 1898 publícanse unhas novas Ordenanzas Municipais que suceden as de 1854. Manteñen no máis xeral as condicións sinaladas da de 1854 no que toca aos estándares empregados pola vivenda obreira, se ben melloran e actualizan os mínimos hixiénicos (art. 237 e 250). Desaparecen os condicionamentos compositivos (art. 224) que, como acaba de verse, tan fortemente determinaban a imaxe urbana das edificacións.

Respecto ás localizacións da cidade nas que é posible a construción de casas terreas, agora quedan prohibidas (art. 220), se ben máis adiante (art. 256) permíteas fóra das zonas Interior (Cidade Vella e Pescaría) e de Ensanche. Esta determinación acentúa o proceso de concentración nas periferias do hábitat obreiro máis modesto.






A xenealoxía tipolóxica da vivenda obreira

As Ordenanzas de 1854 amosan como son numerosos os hábitos e solucións de deseño herdados de anteriores períodos históricos que pesan no xeito de edificar. Nela quedan reflectidas tanto por automatismo de adopción, como no rexeitamento de prohibición.

Nese momento as tipoloxías arquitectónicas permanecían e mudaban de xeito equiparable aos cambios na evolución da fala e a linguaxe. A terminoloxía dos documentos normativos e dos expedientes de licenza de obra recorrentemente alude á *casa terrea* como conceptualización dun xeito de inmoble. A orixe é claramente a *casa terrea* da arquitectura popular mariñeira, o tipo de vivenda máis modesto nas vilas do litoral galego.

Esa *casa terrea* caracterízase pola adscrición unifamiliar, as dependencias nun único nivel, cuberta a dúas augas coa cumieira paralela ao alzado principal, compaxinado nel normalmente unha porta e un pequeno oco, as máis das veces os únicos do inmoble. O interior habitualmente conta con dúas dependencias: a principal vinculada á porta de entrada (cociña), a contigua ao oco ou xanela (sala). Dentro desta última poden aparecer unha ou dúas subdivisións de alcoba no fondo. Case nunca existen corredores de distribución e tódalas dependencias ata as alcobas son pasantes.

Esta configuración interior queda aínda lonxe do tipo de planta característica da vivenda obreira. Unha vía de posible sincretismo xurde ao reparar no outro tipo máis abundante nas vilas litorais do momento: o da *casa do pincho* ou *casa do remo*, así como nas características parellas da *casa artesá* dos burgos e as edificacións propias da *parcela gótica*.

Nesta familia tipolóxica aparecen os elementos que dan resposta ao aproveitamento da profundidade dunha parcela estreita (o corredor na dirección normal á fachada), ou da construción en altura (a inserción da escaleira no interior do inmoble).

Cabe tamén identificar a influencia da vivenda urbana desenvolvida na Coruña no século XVIII, sobre todo no maior tamaño e disposición regular dos ocos.
Con todo, a tipoloxía da vivenda obreira acada unha definición moi madura xa nos primeiros exemplos da década de 1860, e a posterior evolución que modifique os modelos iniciais será moi lenta, sen despegarse de todo deles ata a década de 1930.






Pode que a razón de máis peso estea nos modos de deseño e produción. A figura do arquitecto, ata entón circunscrita ás edificacións máis monumentais e suntuarias, na Coruña pasa a ter o control do deseño en calquera xénero de inmoble. Así, o proxecto é o procedemento de deseño que substitúe ao pensamento reprodutivo artesá. Doto doutro xeito: Xa non deseña a tradición senón o proxecto.

Os mecanismos conceptuais do proxecto son capaces de mesturar axilmente solucións existentes e aceptadas. Cando é así non tarda en dar cunha solución aceptable ás demandas da súa tarefa. Unha vez estruturados os parámetros da solución, a repetición xa non ten tanto que ver coa reprodución do costume e máis ben cunha produción seriada, máis achegada ás lóxicas da era industrial.

Polo tanto, a *casa terrea* aporta a volumetría e a forma idónea de cuberta para o aproveitamento desta como vivenda independente, grazas á sistematización do emprego de bufardas. A incorporación deste pequeno elemento permite transformar o modelo de *casa terrea* en plurifamiliar. Este cambio fundamental obriga a incorporar configuracións ata entón específicas dos tipos da parcela gótica, que proporciona as escaleiras e o zaguán que dan independencia a cada vivenda. O corredor permite o aproveitamento da profundidade á vez que posibilita unha maior independencia e flexibilidade ao uso das habitacións.

Á experiencia do século XVIII corresponde a bagaxe de seriación e regularidade das compoñentes da casa grazas á xeometría (ferramenta do proxecto para o deseño). Tamén aporta a vinculación entre os procedementos de parcelación e os de deseño da edificación como feito unitario.

A perspectiva xenealóxica deste tipo arquitectónico debe completarse coa consideración dos sistemas construtivos empregados, aqueles que son normalizados e estandarizados en concordancia co xénero de produción sistemática desta forma de vivenda.

A vivenda obreira non introduce importantes novidades tecnolóxicas, pero si un refinamento das solucións existentes, que obedecen aos modos de produción máis seriada dos talleres locais e incorporan compoñentes de produción máis industrializada.


Son tres os elementos salientables que se xeneralizan na vivenda obreira: A sofisticación da bufarda cun aumento na pendente das cubertas; a estrutura






portante de armazón de madeira a partir do primeiro andar, reenchida cun tabique de 1/2 pé de ladrillo, substituíndo o muro de cachotería nas fachadas; para a carpintería dos ocos rachados o emprego de módulos concibidos para a construción de galerías, con follas de guillotina e entrepano inferior de madeira dispostos a faces exteriores, na vez das tradicionais follas batentes.

A día de hoxe custa crer que estes conxuntos de vivendas constituísen a paisaxe predominante nos barrios da Coruña fóra da Cidade Vella, a Pescaría e o Ensanche. A evocación desta imaxe é un bo indicio da depredación urbanística e o borrado da memoria que sufriu a nosa cidade. A resistencia ao aparentemente inexorable encarna a afirmación da máis elemental dignidade.












A DESPOSESIÓN DO COMÚN NA CIDADE-MERCADO

CRISTINA BOTANA
-COLECTIVO ANOMIAS-









A desposesión do común na cidade-mercado

Cristina Botana - Colectivo Anomias

Cando nos enfrentamos á oportunidade de salvar un conxunto urbano tendemos a abstraelo do resto da cidade da que forma parte, como si se tratase dun obxecto illado e precioso na constante urbanizada e planificada. Corremos o risco de facer deles elementos apartados do seu tecido espacial, cristalizados nunha fotografía fixa que termina por amortecelos. A propia denominación de “conxuntos” implica unha separación da contorna, cando deberíamos estar a falar de xeradores de diversidade e, mesmo, fitos de identidade. Cómpre tomarlle o pulso ó barrio, sentarse a observar o fluir das rúas e definir estratexias para volver a trenzar estes “conxuntos” na rede urbana.

As casas terreas das Atochas son xeradoras de diversidade con enormes potencialidades. A forma de nos aproximar a elas debe facerse desde o diagnóstico das carencias para asegurar dita diversidade, imprescindible para a vida do lugar.

Estas agrupacións de vivenda obreira son presentadas como obstáculos para o desenvolvemento urbano e, moitas veces, para a seguridade e armonía cidadanas. A denominación como o Labirinto das Atochas, acuñado por parte da cidade “ordenada”, leva impresa esta mirada do poder sobre un tecido obreiro cunha morfoloxía que se lle aparecía incontrolable. Esta percepción do espazo como problemática instálase xa desde o século XVIII como un dos elementos chave nas políticas urbanas disciplinantes por parte dos poderes sociais e públicos.

As correntes hixienistas lograron xustificar a destrucción de barriadas enteiras servíndose das problemáticas reais de insalubridade, infradotación e carencias habitacionais das familias residentes nos barrios obreiros. En moitos casos, estableceuse unha chantaxe clara entre a mellora das condicións de vida nestas áreas a cambio do desprazamento cara a periferia de boa parte da poboación, desactivando as redes veciñáis de mutualismo que operaban tanto nas






organizacións sindicais coma nos ámbitos cotiáns e domésticos. Así, o poder omnímodo dos planificadores urbanos foi aplicando hábilmente esta dialéctica que prometía melloras nas condicións destes barrios, influida tamén polos discursos moralistas e securitarios da época. As actuacións nestas áreas basearonse nas lóxicas de derribo/desaloxo e estiveron acompañadas por un incremento dos mecanismos de control sobre a disidencia e a autonomía veciñais.




O poder da memoria como semente subversiva.

Esta iniciativa non pode lerse separada de todos aqueles procesos pasados que, pouco a pouco, van ocultando a memoria das Atochas e as súas expresións espaciais.

O interese por borrar a vida social desta zona presenta unha desoladora continuidade desde a década dos anos 40, durante a represión franquista, ata os momentos actuais onde a teima persistente de desarticular todo gromo de autoxestión e socialización do espazo urbano deu no desaloxo do Centro Social Casa das Atochas en abril de 2011. Esta construcción ficou en estado de abandono varios anos máis ata a súa demolición en 2014. É precisamente nestes terreos onde a empresa inmobiliaria de José Pérez Paz S.L ten previsto, desde hai máis dunha década, edificar e reconvertir este recuncho da memoria colectiva en rendementos económicos privados.







Os plans desta empresa pasan pola destrución do patrimonio residencial obreiro que queda neste polígono urbano, transformando para sempre a volumetría desta área. A previsión de desenvolvemento do lugar, resumida no gráfico inferior, inclúe non só a desaparición de todas as casas terreas existentes, senón tamén da súa escala, que tanto favorece este espazo. O PXOM permite neste polígono (vermello) a edificación de ata 7 alturas, cando a meirande parte das existentes son de 2 ou 3 e, no perímetro, as construcións non rebasan as 5 ou 6 alturas. O interese inmobiliario será o de sacar a máxima produtividade a estes terreos, aínda que arrase co ambiente na praza. Ademais, os máis de 21 metros de altura previstos neste sector suporán unha sombra perpetua en toda a fachada da rúa Pintor Román Navarro e a consecuente devaluación desas vivendas.

O resultado que se pode esperar é xa visible nas rúas circundantes, perpetuamente en sombra e asoballadas por unha forma de construir vivenda en altura moi alonxada das escalas de casas terreas coas que foron previstos os camiños que conformaron o barrio. No terreno contiguo, que fai a esquina coa rúa da Torre, a escala edificatoria non permite máis que 4 alturas contando co baixo, unha escala moito máis armonizada coas construcións desa rúa, pero insuficiente para os intereses da inmobiliaria propietaria, que se nega a desenvolver este sector se non pode sacarlle o máximo rendemento.






Hoxe, este terreo preséntase como un baleiro rodeado por un valo de madeira reapropiado polos grafiteiros da zona. Paradóxicamente, a presenza destas "pintadas" é percibida como unha vandalización do público, cando o elemento que máis atenta sobre o colectivo neste espazo é o propio valado. Unha fronteira que delimita un espazo silenciado pola privatización do que era común. Un solar abandonado e silencioso á espera de ser explotado para o beneficio dun particular. Que visión de cidade é a que permite a suspensión da función social do espazo público? A interrupción das actividades do centro social no barrio non mellorou en nada as condicións dun lugar que representou un espazo de dinamización tan apreciado e que, na súa existencia, conectaba coa memoria impresa dunhas rúas que un día albergaron bibliotecas obreiras, tertulias e redes de protección e resistencia. Intervir nos tecidos urbanos coa única intención de protexer os intereses privados non é política de cidade.



Cando en 2010 se derribaron as nove vivendas que compuñan a mazá central, hoxe Praza Coro Cantigas da Terra, soterráronse tamén as pegadas da casa-refuxio de María Otero. Esta praza, que xa aparece ideada no Plan de Aliñacións de 1948, pretendía ser unha actuación que aumentara o valor espacial da zona, dotándoa de espazos libres necesarios para a veciñanza. Esta é unha coartada habitual na ideoloxía urbanística que impón estes "esponxamentos estratéxicos", nada casuais, en áreas densificadas como eran as Atochas.
Non está claro que a morfoloxía e a materialidade da praza no seu estado actual






responda ás necesidades da veciñanza ou daquelas usuarias en tránsito que fagan parada no camiño. Unha praza á sombra dos edificios que ten enfronte, cunha bancada en ele que non parece dar xeito a ninguén, nin tan sequera á rapazada que prefire xogar fronte as casas terreas, talvez porque a súa escala resulta máis humana e acolledora. A forma na que a veciñanza utiliza este espazo público revela a ausencia dun sentimento de apropiación, do reparo de facer un uso pleno do lugar, de transformalo e conectalo co fluir cotián do barrio. Nin tan sequera a presenza dun taller de arte no lugar é quen de quebrar o ambiente inconmovible da praza. Esta praza-obxecto cuxa única función parece ser a de elevar o valor dos inmobles da zona. A escolla do seu nome, Coro Cantigas da Terra, asemella un xesto de contrición dos axentes urbanísticos para tratar de conectarse ó pulso da zona que arrasaran, bautizándoa co nome desta entidade cultural histórica no barrio desde a súa fundación no ano 1916.

O resultado desta operación foi a perda dun patrimonio residencial histórico cunhas características dificilmente replicables no contexto actual. Fronte á tendencia á homoxeneización do espazo, a existencia destas tipoloxías de vivendas no tecido urbano introducía unha diferenciación e xeraba un entorno diverso doado de identificar pola súa singularidade respecto a súa contorna. Incluso en termos económicos, defendendo esta premisa na linguaxe dos mercados, manter esta escala residencial xera unha continuidade estética coas casas da Praza da Artillería e armoniza a existencia destas illas residenciais, mellorando o valor espacial do barrio.

Con todo, convén tamén advertir que o mero feito de conservar o patrimonio como valor estético e formal non supón prevención algunha fronte ós procesos de xentrificación activados neste territorio desde fai anos. No contexto do mercado actual, a protección e rexeneración de conxuntos residenciais característicos como as casas terreas coruñesas non evitaría o desplazamento da poboación residente, nin propiciaría o acceso a estas vivendas por parte do mesmo tecido social que lle deu orixe. O mercado imponse a través do valor do solo, como acontece nas casas da Sagrada Familia, da Gaiteira, dos Mallos ou, aínda timidamente, en Eirís. Polo tanto, é preciso articular propostas máis complexas que restauren as conexións e apropiacións da veciñanza co seu entorno. Resulta ineludible recuperar e protexer ese valor inmaterial que compón o tecido social e veciñal e, para iso, é chave deixar espazo para a iniciativa social e a autoxestión dun barrio nado desde acción popular. O planeamento non pode ser o argumento para impoñerse sobre o espírito do lugar e ignorar as distintas capas que o compoñen en toda a súa complexidade.






Apelamos a esta forma de entender as actuacións urbanas a través dun urbanismo de retagarda, que sexa capaz de atender ós metabolismos operativos do barrio e recuperar aqueles que xa foron desactivados. Hai exemplos de movementos de axencia veciñal sobre os baleiros urbanos por todo o Estado. Iniciativas cidadanas como o Parque Veciñal Autoxestoinado (PVA) Sputnik Vallekas (Madrid), ou a Plaça Farigola en Valcarca (Barcelona) son procesos cargados de aprendizaxes con elementos que poderiamos traducir ao contexto e ás experiencias pasadas nas Atochas.



A estratexia nesta área pasa por pensar propostas que transformen ese espazo público duro e imposto pola racionalidade institucional nun lugar vivo que acolla diversidade de usos e que sirva ás veciñanzas da zona. A súa escala non é compatible cun perímetro de ladrillo de 6 ou 7 alturas. Ese solar expectante garda enormes potencialidades para romper a dicotomía público-privado, introducindo outros modos de xestión comunitarios xa ensaiados e facendo deste conxunto heteroxéneo un espazo de grande capital social para o barrio. Outra cuestión relevante para calquera actuación neste conxunto será resolver o encontro entre o pseudo-baleiro que supón o ensachamento da rúa Pintor Román Navarro coa mazá de casas terreas da Atocha Alta e a praza Cantigas da Terra.






Un espazo singular como é este tramo da Atocha Alta non admite actuacións de trazos á vista de paxaro onde o papel non é capaz de explicar un lugar que só se entende nas catro dimensións, a pé de rúa e poñendo en práctica este urbanismo retagardista do "andar escoitando e andar preguntando" que hoxe chaman participativo.

Tras décadas de agresións urbanísticas este conxunto das Atochas, maltratado como está na súa expresión construida, ten na súa memoria colectiva o principal valor de proxecto. Buscamos o significado menos sentimental da palabra barrio para artellar mecanismos de defensa fronte ás múltiples problemáticas da cidade, tecer unha rede veciñal activa e resistente non só por nostalxia dese pasado libertario senón pola forza desa idea, tan sinxela e incerta a un tempo, de que nós somos a cidade e a súa expresión construida só resulta das actividades e experiencias que desenvolvemos nela. A cidade é unha construcción colectiva complexa e, neste senso, o espazo, os técnicos e os planificadores non son (somos) neutrais nin podemos selo, temos a enorme responsabilidade de posicionarnos na defensa do común fronte aos modelos de cidade entendida coma un activo de inversión capitalista.



Praza Cantigas da Terra - ilustración


Ilustración de Cristina Botana








Praza Cantigas da Terra



Praza Cantigas da Terra - proxección construcións previsstas








Praza Cantigas da Terra - proxección construcións previstas






PEGADAS daMEMORIA

Roteiro polo barrio cos veciños e as veciñas das Atochas

22 de maio de 2021









LECHERIA EL RIAL












FLOMATIC








































O CICLO URBANO
SEMPRE VIDA ÚTIL

IAGO CARRO
- ERGOSFERA -

Diagrama dos usos formais e informais que pode acoller unha parcela urbana xenérica durante o ciclo da edificación

Ergosfera | Versión 1 | Abril de 2021



USOS INFORMAIS MÁIS COMÚNS E/OU RECOÑECIDOS POPULARMENTE:

Eco	**Usos non humanos / Ecosistemas de biodiversidade non planiicada**	Xog	**Xogo** (infantil e xuvenil)	Sex	**Sexo** (casual, cotidián ou clandestino)	Aut	**Asentamentos precarios** (autopromoción e autoconstrución)
Peo	**Tránsito peonil**	Dep	**Deporte**	Cru	**Lugares de cruising**	Apr	**Aprender a conducir/disparar/etc. e conducir/disparar/etc.**
Apa	**Aparcadoiro de vehículos**	Exp	**Exploración** (infantil, xuvenil e *Urbex*)	Pro	**Prostitución**	Tra	**Venta/tráico de drogas ilegais**
Ind	**Estancia individual** (casual, cotiá ou clandestina)	Gra	**Grafiti** (aprendizaxe, exposición e territorialización)	Hor	**Hortas informais ou comunitarias**	Ver	**Vertedoiro ilegal**
Col	**Estancia/reunión colectiva** (casual, cotiá ou clandestina)	Esc	**Escenario ou fondo fotográico/audiovisual**	Pol	**Espazos comunitarios polifuncionais**	Des	**Desfacerse de cadáveres, obxectos roubados ou información sensible**
Fes	**Festas/eventos** (casuais ou tradicionais /periódicos e máis ou menos abertos)	Dro	**Consumo de drogas ilegais**	Cen	**Centros sociais okupados**	Del	**Violacións, asasinatos, secuestros, etc.**
		Fis	**Necesidades isiolóxicas**	Res	**Ocupación e okupación residencial**		




O ciclo urbano: sempre vida útil

Iago Carro - Ergosfera

Unha das cuestións que se visibilizaron durante o confinamento é o enorme papel equilibrador das desigualdades, redistributivo, que representa o espazo público nas nosas sociedades. Cando a vida reduciuse á vivenda, as diferenzas sociais e económicas materializáronse dunha forma radical.

Neste sentido, a crise sanitaria abriu ou acelerou varios debates importantes sobre o uso do espazo público, principalmente, ao redor dos problemas xerados pola ocupación do espazo peonil por parte de vehículos e terrazas. Con todo, é necesario lembrar que, reflexo tanto da pluralidade como das asimetrías sociais, son moitos os tipos de espazos urbanos utilizados pola cidadanía como parte fundamental das nosas vidas, non todos eles encuadrables nas tipoloxías máis recoñecidas (rúas, prazas, parques, etc.). Recuperando a axenda previa á COVID-19, abórdase a continuación a cuestión dos denominados espazos informais **(1)** e o seu papel como dotacións urbanas que amplían as posibilidades de uso da cidade, en concreto, a dunha das súas materializacións máis comúns: a derivada do ciclo da edificación que afecta a toda parcela urbana **(2)**.

---

(1) Aínda que non se utilizan no artigo, é necesario mencionar que son moitos os conceptos teóricos xurdidos nas últimas décadas para estudar directa ou indirectamente a realidade dos espazos e os usos informais. Este traballo non se podería desenvolver, por tanto, sen a existencia de ideas como in-between (Aldo van Eyck, 1962), nothingness (Rem Koolhaas, 1985), zona temporalmente autónoma (Hakim Bey, 1991), cidade xenérica (Rem Koolhaas, 1994), terrain vague (Ignasi de Solá-Morales, 1995 e Luc Lévesque, 2002), post-it cities (Giovanni la Varra, 2001 e Martí Peran, 2008), terceira paisaxe e espazos indecisos (Gilles Clément, 2004), distancias interesantes, urbanidade material e cousas urbanas (Manuel de Solá-Morales, 1995, 2005 e 2006) ou dispositivos inacabados (Margarita Padilla, 2011 e Amador Fernández-Savater, 2012).

(2) O estudo dos espazos e usos informais é o tema principal do proxecto "Degradación - Exterioridade - Emerxencia" (Ergosfera, 2009-actualidade) dispoñible na web <http://ergosfera.org/archivo/degradacion_exterioridad_emergencia.html>. Ademais dos espazos e usos derivados do ciclo edificatorio analizados neste artigo, neste traballo inclúense presentacións, textos e outros documentos analíticos sobre algunhas das súas outras materializacións, como os descampados, os espazos urbanos baixo pontes e viadutos ou as pintadas nas rúas.







En canto un fragmento do territorio faise urbano a través da planificación, a urbanización, a edificación ou os usos que acolle, entra nun ciclo continuo de construción-uso-abandono-ruína que se pode materializar de múltiples formas e tempos, sendo esta una das causas polas que a historia das cidades é tanto a do cambio como a da permanencia.

Un esquema simplificado dun posible ciclo da edificación nunha parcela urbana xenérica (ver gráfico adxunto) podería ser o seguinte: desde un estado de espazo libre ou soar non edificado (que en determinadas condicións pode devir descampado), ás fases de obras (que se poderían simplificar nos momentos de topografía interesante, esqueleto estrutural e semi-acabada), os estados intermedios xa habitados, o tempo de normalidade ou momento de clímax desde o punto de vista do proxecto arquitectónico, os procesos de cambio posteriores derivados do seu uso, o abandono, a ruína e, de novo, a fase de espazo libre ou soar **(3)**.



Atocha Baixa-Travesía de Atocha

---

(3) Un espazo libre ou soar que xa non é o mesmo que o orixinal, pois incluirá pegadas materiais máis ou menos explícitas do seu pasado, transformacións na súa contorna que modifican as súas condicións urbanas e, como mínimo, unha nova capa de memoria colectiva que o fai diferente.






Entre todas estas fases polas que pasan ciclicamente a maioría das parcelas urbanas ao longo da súa historia, desde a disciplina arquitectónica ou urbanística e desde a sociedade en xeral estamos afeitos/as a darlle relevancia unicamente á que se corresponde cun proxecto, un momento culmen que para a documentación fotográfica da arquitectura está reducida a uns meses, a maioría das veces ao tempo desde que se remata a obra ata que entra en funcionamento. Pénsese que mesmo as fases anterior e posterior ao momento de concordancia cun proxecto técnico, aínda acollendo usos formais, en moitas ocasións son perseguidas por ilegais ou deostadas como informalidade ou "feísmo".

Unha das características invariables deste ciclo é que nunca, en ningún caso, é un proceso lineal: cada unha das fases ten ritmos e tempos de duración diferentes por norma xeral, pero o fundamental é que todas, en calquera momento, pódense paralizar e converterse nun estado calcificado durante un período de tempo indeterminado.



R/ Marconi, coa R/Tui






É certo que o máis normal é que se consoliden as fases que acollen usos formais, sobre todo os estados edificados baixo un proxecto ou con transformacións posteriores. Pero se a que se cronifica por calquera motivo é algunha das outras, unha realidade tamén moi habitual, o que xorden son outro tipo de espazos urbanos que quizais sexa necesario empezar a considerar cun pouco máis respecto e ambición científica. Para empezar, recoñecendo que adxectivos moitas veces plenamente adecuados para describilos, como baleiros, inacabados, abandonados, feos, degradados ou inútiles, son só perspectivas de análise moi concretas, incapaces de dar conta da complexidade da súa natureza real ou das vidas que acollen estes espazos.

Non só porque todas as fases deste ciclo son capaces de acoller usos cidadáns (a maioría, perfectamente convencionais, outros máis excepcionais e outros directamente á marxe de leis e consensos sociais, é dicir, un compendio bastante rico do humano), senón porque as fases de uso formal poden ser o período máis importante ou mesmo o único coñecido ou documentado en moitos casos, pero en moitos outros se trata dunha fase historicamente fugaz ou que nin sequera chegar a existir, como nos múltiples exemplos de solos nunca edificados aínda que edificables, sen proxecto ou con proxectos paralizados por calquera ilegalidade, contratempo ou conflito hereditario, ou como os casos de edificios que nunca se chegan a utilizar ata a súa demolición ou que se utilizan por un período de tempo moi curto en comparación ao do seu estado de abandono.

A paralización dalgunha destoutras fases xera unha serie de consecuencias ou condicións urbanas sobre as que merece a pena reflexionar.

Para empezar, o que se consolida tras a paralización é un espazo nun estado material determinado (espazo libre, edificación en obras, abandonada ou en ruína), cada un deles coas súas propias características formais, materiais e de accesibilidade. Unhas calidades que, ademais, estarán matizadas ou radicalmente condicionadas pola súa situación urbana con respecto ás centralidades territoriais. Aínda que se pode utilizar a denominación de espazos informais para referirse a eles, é preciso remarcar que esta informalidade só é real respecto a unha vontade, idea ou proxecto determinado, pois se trata de espazos completamente formais en termos materiais e simbólicos, xa que se poden trazar xenealoxías, establecer clasificacións, definir pautas e excepcións e utilizar todo o repertorio de ferramentas técnicas e conceptuais que se empregan para definir os denominados, en contraposición, espazos formais.




Unha das características desta paralización é que sempre é precaria e indefinida, consecuencia de circunstancias ou vontades coñecidas ou descoñecidas, pero implicando sempre que a percepción desde a perspectiva externa (de calquera persoa que mira ou pensa sobre un destes lugares) é que o ciclo pode tanto poñerse en marcha de novo en calquera momento como non retomarse nunca, producíndose así unha condición que sería case unha especie de antónimo do clixé contemporáneo da "seguridade xurídica".

A principal característica destes espazos é que non acollen usos formais: foron abandonados polas persoas, organizacións ou institucións aos que as leis recoñecen como titulares, xa sexa pola súa inadecuación (porque o espazo deixou de ter ou aínda non chegou a ter condicións de habitabilidade) ou por calquera outra motivación persoal, social, urbanística, económica ou do tipo que sexa (desde os procesos planificados de ruína-xentrificación-especulación, ata un falecemento, unha quebra empresarial ou unha ilegalidade urbanística, hai moitos motivos polos que os usos formais poden abandonar un lugar). Esta condición fundamental non é só importante porque é real, senón porque a inexistencia de usos formais é tamén algo percibible.

Ademais, non se trata só de que estes espazos non acollan usos formais por parte dos seus lexítimos/as usuarios/as, senón que legalmente non poden acoller outros, e moito menos sen o permiso explícito da propiedade e das administracións públicas. Desta forma, calquera outro uso que se formule nestes espazos será baixo a premisa e a consciencia de estar fóra da orde formal. A propia natureza destes lugares implica, por tanto, que os seus usos requiren dunha vontade explícita, dun esforzo por parte dos seus usuarios, que será mínimo ou máximo segundo múltiples factores persoais e sociais: desde as cuestións psicolóxicas ou morais de cada individuo ou o interese que anime o uso en cada caso, ata a realidade lexislativa e punitiva de cada territorio influirán na percepción individual e colectiva deste esforzo.

Non é este o único esforzo que require o uso destes lugares. Se en termos formais, materiais ou de situación urbana existe unha enorme diversidade que condiciona as posibilidades de uso que acollen os diferentes espazos, un parámetro fundamental en todos os casos é o da accesibilidade. Mentres os usos por parte dos non humanos comezan desde o minuto cero da paralización do ciclo, os usos informais populares




dependen duns límites máis definidos respecto á accesibilidade física das persoas. Unha condición que non é un parámetro estático, pois tanto eventuais accións humanas como o propio devir dos espazos e edificios no tempo poden producir cambios con repercusións neste sentido. Para que aparezan usos informais, o grao de accesibilidade debe situarse, por tanto, dentro dun límite determinado pola capacidade de entrar un corpo. Desde este grao mínimo, as posibilidades son infinitas: a necesidade de forzar unha porta, romper unha xanela, saltar un enreixado, subir unha escaleira en obra sen banzos nin varandas ou pasar por montañas de entullos ou lixo, son barreiras arquitectónicas moi distintas que poden impedir ou dificultar o paso a diferentes colectivos. Trátase dunha gradación de accesibilidade que a fai posible, pero nunca universal, nin física, nin psicolóxica ou socialmente, é dicir, non é un parámetro lineal que defina de forma absoluta o tipo de usos que poden acoller estes espazos, pero si unha condición determinante na maioría dos casos.



Praza Cántigas da Terra




Estas características e esforzos necesarios xeran unha certa situación de exterioridade con respecto á vivencia dos espazos urbanos máis comúns nos territorios do mundo integrado. Así, o que aparece na cidade é unha condición urbana tan singular como absolutamente xenérica: a dos espazos sen competencia do mundo formal, a calidade fundamental que explica a posibilidade e a tendencia a que aparezan os usos informais nestes lugares.

Estes usos informais poden ser tanto actividades ordinarias e convencionais como moi singulares desde a óptica sociolóxica ou xurídica, pero a cuestión é que, se se acaba realizando calquera actividade nun destes espazos, é simplemente porque, ou ben non hai outro lugar, ou ben non hai outro lugar mellor para levala a cabo. E hai unha condición derivada desa inexistencia de usos formais que ten un gran peso á hora de determinar a súa idoneidade: a privacidade. Unha calidade que se pode ler desde tres perspectivas. Por unha banda, a privacidade como intimidade: ser lugares por onde non pasa ninguén ou case ninguén, ou por onde, polo menos, cada persoa sabe quen non vai pasar. Por outra banda, a privacidade como domesticidade: ser lugares manipulables, territorializables máis aló dos límites da cortesía e a civilidade que imperan no espazo público, é dicir, a posibilidade de deixar pegada ou de transformar de forma indefinida un lugar. E por último, a privacidade como propiedade: ser lugares cuxo uso pode consolidarse no tempo ata emular moitas das condicións da propiedade formal en termos prácticos, unha propiedade ou territorialidade que pode ter diferentes graos de apertura: desde un espazo ao redor dun sofá nun descampado que "só" pode utilizar unha cuadrilla de adolescentes, ou un centro social okupado ou unha horta comunitaria onde pode entrar calquera persoa, pero baixo unhas normas colectivas, ata os usos residenciais onde a apropiación do espazo está máis restrinxida a un núcleo familiar ou de convivencia determinado.

O que se observa a partir da análise dos usos máis comúns que adoitan acoller estes lugares (ver gráfico adxunto) é que unha das consecuencias da constante reprodución do ciclo da edificación e da posibilidade de cronificación dalgunha desoutras fases sen usos formais é que continuamente se están producindo transformacións do espazo urbano, cambios que implican unha ampliación difusa e informal do público-común á conta dos espazos formais, xa sexan de titularidade e uso público ou privado. É dicir, a través do abandono das actividades formais se difumina esa nitidez do público e o privado, pois estes espazos non reúnen todas as condicións necesarias que requiren estas dúas categorías para materializarse. Coma se dalgunha forma, do mesmo xeito que a condición dos comúns non é algo






indefinido, senón que só é posible mentres exista unha comunidade que usa un recurso de forma común, a existencia do público e o privado tampouco é posible se non se cumpren unha serie de condicións, entre as que está o seu uso formal. Así, estes espazos paralizados pasan a formar parte do espazo urbano accesible ou utilizable de forma autónoma, individual ou colectivamente, o que á súa vez, segundo o tipo de uso que acollan en cada caso particular, resignifica a súa condición neste sentido, pois cada un deles implicará unhas características que concordarán máis coas dos espazos públicos, os privados ou os comúns.

Esta riqueza urbana está a pasar desapercibida para a disciplina arquitectónica, quizais porque a estas alturas aínda non se asimilou de forma xeral que nin a participación de arquitectos/as nin a existencia de usos formais son condicións necesarias para a aparición dunha arquitectura digna de ser considerada e analizada como tal. Se non fosen innumerables os relatos situados nestes espazos de forma transcendental para a trama en multitude de produtos culturais (libros, películas, series, videoxogos, etc.), poderíase entender o desprezo que reciben por parte do mundo da arquitectura. Pero é bastante insostible pensar que as persoas nos narramos todos eses usos significativos como forma de precaución ante estes lugares. Máis ben, parece que describimos momentos de liberdade, para o bo e para o malo, momentos de humanidade e de urbanidade.

Así, desde a perspectiva urbana, estes espazos poden ser perfectamente entendidos como dotacións públicas, pois: a) Acollen unha importante diversidade de usos cidadáns que non dispoñen doutro lugar ou doutro lugar mellor para desenvolverse, o que aumenta a riqueza urbana de forma significativa; b) Trátase de espazos onde imperan unhas regras sociais diferentes á normalidade dos lugares públicos ou privados, así como unhas posibilidades de territorialización moi variables, pero sempre distintas ás que representan estas dúas categorías, o que fai que se experimenten cuestións como a responsabilidade, a autonomía ou a comunidade en graos ou formatos tamén singulares; c) En termos de capacidade emancipadora, democrática ou de dereito á cidade, basta sinalar que xa hai documentadas innumerables experiencias de desenvolvemento dos denominados comúns urbanos neste tipo de espazos; e d) En relación á idea de sustentabilidade, tamén se aliña coas recomendacións actuais de interese público: por unha banda, porque se trata de procesos de reutilización de materia, de esforzo humano xa feito e construído, e por outra, porque todo espazo non sometido a un control total é un refuxio de biodiversidade (vexetal e animal, humana e non humana) só indirectamente condicionado pola civilización.






Á marxe de todas as ideas implícitas expresadas a través dos propios usos, os posicionamentos máis comúns hoxe en día ante esta realidade (tamén compartidos por moitas das persoas que utilizan estes espazos), poderíanse simplificar da seguinte maneira: a) Un consenso político, mediático e social moi rotundo sobre a súa condición de erros a evitar e a pechar ou esconder cando xurdan, o que se traduce principalmente nas normativas urbanísticas e de seguridade, salubridade e ornato público que, por exemplo para o soares non edificados, adoitan esixir o seu valado completo e prohibir calquera uso que non solicitase unha licenza previa; b) Unha crítica ao seu estado baleiro, inutil ou degradado por parte de veciños/as, académicos/as e activistas, que esixen e propoñen procesos de conversión en espazos formais, xa sexan comunitarios, públicos ou privados, para que deixen de estar abandonados; c) Una certa fascinación estética por parte do campo artístico (que unhas veces só os documenta ou os utiliza como concepto e outras veces intervén neles), así como da publicidade e de todas as actividades que orbitan ao redor da idea de cultura urbana; e d) Unha consideración como "espazos de oportunidade" por parte do mundo da arquitectura, que sempre é capaz de imaxinar intervencións para "darlle vida" a este



R/ San Lorenzo con R/ Tui e R/ Miguel Servet






tipo de lugares: ás veces como apoio a procesos populares como os anteriormente descritos (como podería representar o traballo de Recetas Urbanas, a rede Arquitecturas Colectivas e outros moitos equipos), e outras veces como simple expectativa económica dun novo nicho de mercado en resposta á enorme precarización que vive boa parte da profesión **(4)**. Case nunca para simplemente apreciar ou apoiar desde a técnica aos usos xa existentes nestes lugares **(5)**.

Aínda que a aposta pola eliminación total destes espazos a través da lóxica da consolidación ou a colmatación edificatoria implica claramente unha maior pobreza urbana, non hai dúbida de que a maioría das iniciativas organizadas (veciñais, activistas ou administrativas) que propoñen usos efémeros ou definitivos para estes lugares en beneficio das maiorías sociais son moi positivas e valorables, mesmo aínda que impliquen a súa integración na formalidade. Pero desde unha análise máis ampla, na que se sitúa este achegamento á cuestión, a resposta ante os posicionamentos hexemónicos descritos non é tan sinxela como formular a lexitimación e a apertura total destes espazos mentres están abandonados, como exemplo que resume a hipótese matriz que sustenta moitas das actitudes propositivas ante a súa existencia. Non polo menos en todos os casos, pois isto implicaría un cambio transcendental: a aparición da competencia dos usos formais. O medio é a mensaxe: nesta nova situación xa se estaría ante outro tipo de espazos urbanos. Ademais das lóxicas propias do capitalismo, son precisamente as ideas urbanísticas derivadas do consenso político, mediático e social as que, ao poñerse

---

(4) Unha actitude que inclúe os traballos profesionais máis convencionais, pero tamén aqueles máis recoñecidos culturalmente, como os que compoñían a exposición "Unfinished" (comisariada por Iñaqui Carniceiro e Carlos Quintáns no pavillón español da Bienal de Venecia en 2016 e gañadora do León de Ouro), onde as obras de arquitectura mostradas eran elas mesmas as condicións de lexitimación daqueles "espazos de oportunidade" sobre os que se actuaba, é dicir, que non se trataba dunha mirada optimista sobre eses lugares, senón optimista polo que con eles puidésemos facer os/as arquitectos/as.

(5) Neste sentido, si empezan a desenvolverse proxectos de investigación sobre estes espazos que, aínda que por agora se formulen como forma de entender as causas da súa aparición e de imaxinar posibles intervencións de transformación ou uso formal, ao describir e catalogar de xeito exhaustivo as súas diferentes materializacións, xa están a achegar moito ao seu recoñecemento como lugares. Neste caso, é destacable o proxecto "A Coruña Baleira?", desenvolvido desde 2018 por profesores/as e estudantes da Universidade da Coruña.






en práctica, implican o peche e a inutilidade formal obrigatoria destes espazos, asegurando así, polo menos, que os usos formais non teñen lugar, e xerando, ás veces, momentos de accesibilidade non universal que alcanzan equilibrios máis ou menos estables cos distintos usos informais.

Neste contexto, aínda con moitas dúbidas por resolver, é fundamental comezar a recoñecer a riqueza que implica esta realidade e ampliar o concepto de vida útil do espazo urbano desde todos os campos posibles: por suposto desde a arquitectura e o urbanismo, pero tamén desde a socioloxía, a política, a economía ou a lexislación. Dada a súa consistencia e a súa presenza global, que sentido ten considerar todo este tempo de tantos metros cadrados do territorio humanizado como erros e non como fases igualmente útiles? Con outras utilidades, pero útiles á fin e ao cabo. O territorio construído, o urbano, está tamén composto por estes elementos. Non é só o conxunto dos espazos e arquitecturas construídas segundo un plan ou unha vontade racional, é todo o humano.

Neste sentido, unha das críticas que reciben moitas veces os achegamentos a este tipo de lugares desde unha perspectiva optimista sobre a súa propia realidade e non sobre a súa "potencialidade" é a falta dun papel claro para as profesións técnicas como a arquitectura ante este cambio de paradigma. Tan posible é que aínda non descubrísemos ese papel como que non exista, pero será cuestión de abordar algunhas preguntas canto antes.

Algunhas máis xenéricas e conceptuais, como:

- Que nos impide recoñecer que, lonxe de ser inútiles, algúns ou moitos destes espazos convertéronse en lugares, en espazos urbanos útiles en si mesmos, ás veces, case en equipamentos?

- Que pasaría se priorizamos a valoración das súas calidades desde o presente, en lugar de desde o pasado, que é o que implica definilos como refugallos ou ruínas, ou desde o futuro, que é o que representa identificalos como inacabados?

- Por que non aceptar que, a partir dun determinado punto, os seus usos informais, humanos e non humanos, poden adquirir unha lexitimidade suficiente como para xa non poder ser pensados como espazos baleiros ou abandonados?




- Que ten máis peso nos seus efectos prácticos, a súa condición de externalidades funcionais ao capitalismo inmobiliario, ou a de fisuras ou elementos de "autoprotección" para a propia sociedade ante os nosos delirios de control total?

E outras máis específicas, como:

- Podemos facer que xurdan estes espazos? É posible deseñar, por exemplo, as condicións urbanísticas e o estado material previo á posibilidade de imaxinar o Campo de Cebada **(6)**? En que clase de formato laboral cabería debuxar o plano e redactar a memoria estratéxica de paralización de calquera espazo baixo o pretexto urbanístico ou xurídico que asegure un proceso máis longo? Podemos liberar ás ferramentas técnicas da súa función orixinal, como fai Forensic Architecture **(7)**, para estudar que calidades urbanas, formais, materiais e legais son as que determinan a aparición dos seus usos? Chegaría con recoñecer e describir as súas lóxicas para poder reproducir as súas condicións noutros lugares? Cal é o punto de equilibrio óptimo entre a cidade formal e a informal?, é dicir, que cantidade ou proporción destes lugares pode asumir un territorio sen diminuír a súa habitabilidade xeral?

- Podemos facer que se usen máis cando xurdan? Quen podería promover unha política racional e selectiva de non actuación xunto co fomento de intervencións brandas que só abran máis posibilidades sociais? Imaxinámonos deseñando aperturas mínimas ou abrindo directamente gretas nos peches máis inexpugnables ata que os usos as descubran? Como convencemos ás administracións da necesidade de introducir cambios nas normativas para que o medo e o peche total non sexan as únicas lóxicas que guíen o seu modelo de acción ao redor destes lugares?

---

(6) O Campo de Cebada foi un gran espazo urbano multifuncional, autoxestionado e de uso público, aberto entre 2011 e 2017 nun soar de 2.500 m² baleiro e sen uso tras a demolición dun polideportivo no barrio de La Latina en Madrid.

(7) Forensic Architecture é unha axencia de investigación fundada en 2010 e con sede en Londres que desenvolveu multitude de traballos sobre violencia estatal e empresarial a partir da análise arquitectónica e territorial. Ademais dos propios obxectivos dos seus proxectos, o enorme interese do seu traballo radica na utilización das ferramentas técnicas convencionais da representación cartográfica e arquitectónica para investigar e relatar sucesos nos que o espazo ou o territorio non son case nunca os protagonistas, pero si as testemuñas e vítimas colaterais a través dos cales se poden confirmar feitos e facer xustiza.






- Podemos intervir sobre eles sen introducir ningunha forma de captura? Sería viable imitar a Gilles Clément cos seus xardíns e deseñar protocolos de acompañamento de estruturas e ruínas no seu proceso de degradación para simplemente eliminar riscos e garantir unha mínima seguridade sen deixar pegada nin influír o máis mínimo nos seus usos? É posible avaliar cada caso segundo os seus beneficios sociais, como se fixo en Can Batlló **(8)**, ou determinar en cales deles as condicións urbanas aseguran unha situación de contigüidade non invasiva, de máxima posibilidade de convivencia co incivilizado, sen que isto implique, nin a súa integración, nin a eliminación total das posibilidades de uso daqueles menos valorados pola técnica?

En 2021, desde un lugar calquera da Europa integrada e observando a proliferación conxuntural destes espazos tras a crise inmobiliaria, parece ter sentido pensar sobre este tipo de cuestións. Pero dada a excepcionalidade e a fraxilidade destes lugares, así como a posible condición inherente da arquitectura como ferramenta de orde e captura, fagámolo con prudencia e sempre sen perder a perspectiva de que o máis probable é que o único papel útil dos/as arquitectos/as sexa o de non facer máis nada que utilizalos informalmente como cidadáns/as.

---

(8) Can Batlló é un antigo polígono industrial situado no barrio de La Bordeta en Barcelona que, tras décadas de abandono, desde 2011 acolle multitude de actividades autoxestionadas. Unha das moitas cuestións destacables deste caso é que no proceso que levou finalmente á concesión administrativa de 13.000 m² a unha asociación cidadá en 2019 realizouse de forma pioneira un balance comunitario como ferramenta de avaliación, calculando o retorno social que implica o desenvolvemento de actividades comunitarias nestas instalacións e demostrando así o seu interese público.






Notas do gráfico adxunto ao inicio do artigo:

** A versión dixital deste documento, dispoñible en galego e en español, pódese consultar e descargar en: http://www.ergosfera.org/archivo/txt/ciclo_urbano.html*

*** Esta listaxe inicial de actividades simpliica unha gran diversidade de casos particulares, xa que dentro destes títulos xenéricos poderían enumerarse múltiples subcategorías en función da variación dalgunha das súas condicións ou características. Por exemplo:*

- En termos de frecuencia, a experiencia e a relación co espazo é moi diferente segundo trátese de actividades casuais, cotiás ou periódicas.

- En termos de apertura, tamén se dan enormes diferenzas entre as actividades clandestinas dunha ou dúas persoas, as reunións limitadas a un grupo coñecido, os eventos abertos á cidadanía en xeral (como unhas fogueiras de San Xoán nun soar) e todos os posibles termos intermedios (como unha rave clandestina que non se anuncia publicamente, pero á que si pode ir xente descoñecida).

- En termos de transformación do espazo, prodúcense igualmente diferenzas sensibles. Por exemplo, dentro dos deportes autoxestionados, o grao de intervención requirido varía moito entre unha instalación de adestramento de parkour realizada con varios colchóns usados, unha pista de ecuavóley desmontable ou un skate park con ramplas ixas.

Por outra banda, tamén é preciso sinalar que as actividades identiicadas non están organizadas pola súa importancia cuantitativa ou cualitativa, polo que en termos de frecuencia non existe unha simetría entre elas como a que expresa a súa representación nesta lista. Por exemplo, todas as actividades recoñecidas como delitos, especialmente os máis graves, teñen un peso mediático moito maior que o resto de usos, pero, en realidade, se se tratase dunha lista priorizada, aparecerían como algo anecdótico en comparación ás demais actividades.

Por último, en canto aos propios usos, algunhas das categorías identiicadas engloban á súa vez moitos tipos de actividades socioculturais que non aparecen explicitamente nomeadas, como os centros sociais okupados, que implican o desenvolvemento de concertos, talleres, espazos de debate, exposicións, economías de subsistencia, etc.






ESPAZOS AUTOXESTIONADOS
EXEMPLOS E EXPERIENCIAS

PROXECTO CÁRCERE






Espazos autoxestionados: exemploes e experiencias

Proxecto Cácere

Proxecto Cárcere é un colectivo que defende a activación da antiga prisión da Coruña. Desde a súa creación aproveitou as experiencias doutros colectivos e espazos similares que existían e existen por todo o territorio peninsular. Os exemplos son moi abundantes, aquí centrarémonos en tres:

Can Batlló






Can Batlló

Ubicación

Can Batlló era un recinto fabril do barrio de La Bordeta, en Barcelona.

Anos de actividade

2011-Actualidade. Tras décadas pedindo o seu uso, a veciñanza do barrio deu un ano de prazo ao Concello de Barcelona, tras o cal entrarían no recinto. Cando se cumpría o final do prazo, o Concello accedeu as demandas. A entrada produciuse en 2011. En 2019 conseguiuse un acordo de cesión co Concello de Barcelona, por 50 anos.

Usos

- Espazos veciñais e colectivos.
- Locais para empresas de economía social.

Por que destaca?

Can Batlló é un proxecto complexo en canto aos metros cadrados que ocupa e tamén á variedade de proxectos que acolle, a súa organización interna (moi desenvolvida) e a súa relación coa administración.

Dentro do recinto existen:

- Espazos para desenvolver actividades puntuais ou periódicas por parte de persoas, colectivos e asociacións, como é habitual na maioría deste tipo de lugares.
- Espazo para cooperativas de traballo. Un dos obxectivos de Can Batlló é fomentar a economía social, neste caso coa creación dun viveiro de cooperativas e a cesión de espazos para levalas a cabo.
- Escola comunitaria formal (é dicir, recoñecida pola administración) baixo a forma de cooperativa. Arcadia. Cando funcione a pleno rendemento cubrirá toda a ensinanza obrigatoria, de 0 a 16 anos.
- Cooperativa de vivenda: Dentro de Can Batllo naceu unha cooperativa de vivenda en cesión de uso, isto é, as persoas socias non alugan nin mercan, senón que teñen, mentres vivan e así o decidan, o dereito a unha vivenda no edificio da cooperativa. O edificio está construído en madeira principalmente e recibiu un premio de arquitectura.

Can Batlló conseguiu acordar e asinar co Concello de Barcelona unha cesión de uso que garante o uso e a xestión por parte da comunidade dese espazo durante polo menos 50 anos.









Sputnik

Sptunik

Ubicación

Solar baleiro no barrio de Vallecas, Madrid.

Anos de actividade

2016-Actualidade

Usos

- Parque veciñal
- Espazo para a realización de actividades diversas

Por que destaca?

- Sputnik era un solar no que se acumulaba o lixo ata que a veciñanza do barrio acceder a el para limpalo e acondicionalo.
- É un espazo pequeno, sen edificios nin moitos elementos, pero serve como espazo de reunión ao barrio, como zona verde e como lugar apara levar a cabo actividades abertas á comunidade.








La Carpa – Espacio artístico

Ubicación

Solar baleiro nun barrio da periferia de Sevilla.

Anos de actividade

2013-2014

Usos

- Formación, actividades e espectáculos de circo e artes escénicas en xeral.

Por que destaca?

- O primeiro aspecto a destacar é o proceso de construción dos espazos.
- La Carpa contou coa colaboración do colectivo de arquitectura Recetas Urbanas, que coordinou o proxecto para que calquera persoa que o desexase puidese participar no proceso de construción das estruturas que conforman o espazo.
- Ademais da construción participativa, primouse o emprego de materiais reciclados e a reutilización de elementos de proxectos construtivos anteriores que quedaran sen uso.




Polo xeral todos estes espazos se organizan a través dunha asemblea periódica. Esta forma de xestión garante que todas as voces son escoitadas e as decisións que se toman se axustan o máis posible ao sentir común.








ZONA A DEFENDER

DANI PALLEIRO
- REFUXIOS DA MEMORIA -




Zona a Defender

Dani Palleiro - Refuxios da Memoria

Na década dos 60 o goberno francés cualificou o territorio circundante da localidade de Notre-Dame-des-Landes como Zone d'Aménagement Différé (Zona de Desenvolvemento Diferido), coa fin de construir o terceiro aeroporto máis grande do país. Un verxel de centenares de hectáreas, composto por extensos bosques, humidais e terras agrícolas, e cunha exuberante biodiversidade, ía ser transformado nun non-lugar dos fluxos globais de turistas e capitais. Pero afortunadamente a ADECA (Asociación de Defensa dos Agricultores Afectados) e unha serie de comités de acción organizados nos pobos colindantes, lograron paralizar o proceso por medio dunha loita que se estendeu por décadas, ata ficar esgotado o proxecto a comezos dos 90.

No ano 2000 o plan de construción do aeroporto foi relanzado polo estado francés. Nun primeiro momento veciños e ecoloxistas trataron de paralizar o megaproxecto por medio de cauces legais e institucionais, pero ante a constatación da insuficiencia desta vía, en 2008 a comunidade optou por implementar as súas propias ferramentas de defensa do común. O primeiro envite dérono na esfera da linguaxe, baleirando os significantes do poder e reelaborándoos como armas para a súa loita pacífica. Deste modo ZAD foi resignificado por estes veciños e activistas como Zona A Defender. A fría linguaxe técnico-administrativa empregada para enmascarar e lexitimar un megacroproxecto especulativo, a destrución do entorno natural e o desprazamento da poboación orixinaria, era transmutado en berro de loita na defensa de todo o que debía ser conservado: o territorio, a natureza, a biodiversidade, a comunidade, os veciños, a vida.

Naturalmente a loita non se limitou á esfera das palabras, e axiña atopou un cauce material por medio da iniciativa Sème ta ZAD. O movemento consistía en sementar e resistir, en habitar e defender un territorio e un modo de vida por medio da rehabilitación de vivendas abandoadas e a creación de hortas colectivas, pequenas tendas comunitarias, bibliotecas, obradoiros de reparación, e ata un muiño. Consistía tamén en inventar e imaxinar formas de autoxestión económica e da vida




en común, mediante cooperativas, servizos públicos colectivizados, grupos de aprendizaxe, prensa e radios comunitarias, etc. En definitiva, en construir un territorio da abundancia, e protexelo dos ataques do capital. A forza deste movemento residía na articulación dunha loita popular co liderado da poboación local, na ampliación da comunidade por medio da participación de activistas procedentes doutros lugares, e na capacidade para mobilizar unha rede de apoios de colectivos e persoas doutras latitudes.

Esta era, no fondo, unha loita pola autonomía da comunidade para decidir e construir o seu espazo de vida cotiá, fronte ao autoritarismo duns xestores do público que pretendían cercalo dende un despacho e a tiraliñas:

> ***Opoñerse a un proxecto de aeroporto, loitando no fondo contra a ordenación do territorio, é dicir, o feito de que a vida das persoas estea decidida por adiantado por inxeñeiros e arquitectos que van impoñer aos demáis onde se situarán comercios, vivendas, aeroportos, etc. Queren espazos onde todo esté controlado, vixiado e planificado. Desde os seus inicios, o movemento de ocupación loitou non só contra o proxecto de aeroporto, senón tamén contra a lóxica de xestión dos poderosos.*** **(1)**

Sementes de ZAD

As forzas económicas só poden destruir e mercantilzar os nosos espazos de vida cando lles deixamos baleiros polos que penetrar. Na Coruña neovazquista –onde os poderes públicos son dúctiles aos intereses inmobiliarios e impermeables ás demandas dos veciños– son varias as fendas polas que estes axentes tentan inocular o seu virus da destrución lucrativa (destrución dos bens comúns; lucro para as súas contas correntes).

Calquera situación de loita é única, particular, iconmensurable e, polo tanto, irrepetible. A multiplicidade de ideas, corpos, traxectorias, subxectividades e potencias que as animan, e as súas particulares interconexións, teñen sempre unha dimensión local e polo tanto son irreproducibles noutras coordenadas. No entanto as diferentes situacións de loita non son experiencias illadas, senón que toman inspiración unhas doutras.

---

(1) zad.nadir.org/spip.php?article3850






Daquela a cuestión sería, ante o panorama que se está a abrir na Coruña perante os plans de «intervención de alta violencia catastral» **(2)** no noso litoral e nos nosos barrios, ¿Poderían as mobilizacións veciñais atopar algunhas resonancias con respecto á experiencia de Notre-Dame-des-Landes? Nós pensamos que sí. Se os especuladores agardan que a nosa ausencia lles deixe paso, encher de vida os baleiros urbanos –como fixeron os compañeiros franceses, redoblando a presenza social e material– pode frear este proceso de degradación do común e negación do dereito á cidade. Construir un territorio das veciñas e para as veciñas, de encontro entre a cidade e a natureza, entre os coruñeses nacidos nas Atochas e os nacidos en África, organizar un lugar para o encontro xeracional, para o xogo, para o intercambio de saberes, é levantar un muro contra a especulación. Declarar as Atochas, Labañou, as Xubias, San Vicente de Elviña, A Silva, O Portiño ou o bordo litoral como Zonas A Defender, pode marcar unha liña vermella das veciñas e colectivos da cidade fronte aos intereses privados e os gobernos títeres.

Desbrozar e sementar hortas comunitarias; recuperar as microtoponimias, as memorias persoais e colectivas deses espazos, e compartilas cos novos veciños; convidar a colectivos naturalistas para mapear e catalogar a fauna e a flora autóctonas, os fluxos das aves migratorias que atravesan o territorio da ZAD; a programación cultural na ágora aberta de danza, música, cineclubes, etc.; a autoconstrución de mobiliario urbano como base material para que outros veciños se animen a habitar o territorio... foron algunhas das ferramentas desenvolvidas polos compañeiros de Notre-Dame-des-Landes para defender o seu territorio de vida.

Sementamos?

www.refuxiosdamemoria.org
memorial@refuxiosdamemoria.org
@refuxios

(2) Rivas, M. (2020). Zona a Defender. Vigo: Xerais.







10 DE XULLO
DÍA DAS MAPOULAS LIBERTARIAS

DANI PALLEIRO
- REFUXIOS DA MEMORIA -






10 de xullo, día das Mapoulas Libertarias

Dani Palleiro

«Era entón a Galicia anarquista
unhas cantas vivendas obreiras
como mapoulas moi abertas
nos barrios proletarios das Atochas»

Ámote Anarquista
Claudio Rodríguez Fer

O 20 de xullo de 1936, dous días despois da sublevación militar franquista, e ás portas da maior represión que a historia da cidade coñecería, un grupo de mulleres encabezou unha manifestación que, co puño en alto e dando vivas á República, atravesou a rúa Real ata chegar ao goberno civil. Este edificio, o do goberno civil, estaba asediado por un exército golpista que viña de declarar o estado de guerra, e defendido por un pobo e uns sindicatos prácticamente desarmados. Un enfrontamento asimétrico que se estendería pola cidade e se prolongaría unhas cantas xornadas, durante as cales algunhas mulleres obreiras, como María Bello Paz, darían a súa vida pola liberdade. Esta bravura nos primeiros intres do conflito prefigurou a actitude que as mulleres libertarias da Coruña manterían durante todo o período de implantación do Réxime de Terror franquista na cidade. Tempo no que elas foron as verdadeiras protagonistas da resistencia antifascista.

Unha vez caida a cidade baixo control sublevado, nese mesmo mes de xullo, os confederais coruñeses comezaron a traballar na construción da sua rede clandestina. Tratábase, por unha banda, de protexer a vida dos militantes, tanto anarquistas como doutras tendencias políticas, que estaban a ser perseguidos e asasinados polas novas autoridades. Pola outra, o obxectivo era organizar núcleos de resistencia dende os que artellar unha acción coordinada que revertera a situación na cidade. En ámbolos dous eixos as mulleres libertarias xogaron un papel central.






Campo da Rata

O núcleo destas actividades foron as casas-refuxio, vivendas particulares que as mulleres libertarias puxeran ao servizo da resistencia, onde se acolleu, deu refuxio e construiu un entorno de seguridade para os compañeiros perseguidos. Esta tarefa de coidados, relacionada co papel tradicional asignado ao xénero feminino –e do que os anarquistas tampoco souberon distanciarse– puido ser desempeñada debido ao menor grao de acoso ao que elas e as súas vivendas estaban sometidas por parte dunhas autoridades que subestimaban o papel da muller como axente revolucionario. Pero estas vivendas desbordaron a esfera dos coidados para converterse en verdadeiros núcleos de organización da resistencia antifascista, servindo como lugares de reunión dos diferentes grupos políticos en proceso de reorganización. Grupos integrados fundamentalmente por membros da FAI, a CNT, e as Xuventudes Libertarias, pero nos que tamén participaron comunistas e militantes doutras familias políticas do obreirismo e o republicanismo, co fin de levantarse contra as autoridades golpistas. O peso da tarefa de coordinación e comunicación entre os diferentes grupos recaeu novamente sobre elas, dado o maior grao de liberdade co que contaban para moverse polo espazo público. As casas-refuxio convertéronse así en nodos da rede de resistencia, a través das cales circulaba a información, os recursos económicos e mesmo o escaso armamento posto ao servizo da resistencia.






Nesta rede infiltrouse o 4 de maio de 1937 un topo da Guardia Civil coa coartada de ser enlace na Galiza dun suposto Comité Central de Barcelona (vinculado á CNT catalá) que estaba a organizar a insurrección no territorio dominado polas tropas nacionais. A súa misión era, segundo el aseguraba, organizar un complot na Coruña, fin para o cal o suposto Comité estaba en disposición de facer un desembarco de armas por medio dun submarino, coa protección de barcos de guerra franceses. Esta ficción serviulle ao topo para obter abundante información sobre a estrutura da rede clandestina e sobre os seus integrantes, antes de levantar as sospeitas dos anarquista coruñeses. O tráxico resultado das súas pescudas foi o asalto ás casas-refuxio das mulleres libertarias das Atochas, que comezou o 10 de xullo de 1937. A primeira vivenda na que a Guardia Civil entrou a lume e sangue foi a de María Otero, situada no nº 55 da rúa Atocha Alta. Segundo o informe policial, os anarquistas comezaron a disparar contra as autoridades con armas de fogo, mentres entoaban himnos revolucionarios e vivas á anarquía e ao comunismo. O operativo rematou co resultado de 4 mortos –entre eles a propia María–, un ferido e dous detidos, así como a incautación de varias pistolas e unha bomba de man. Os interrogatorios baixo tortura a un dos sobrevivintes levou ese mesmo día ás autoridades a unha segunda casa-refuxio situada no nº6 na rúa do Carme, a de Alicia Dorado, panadeira anarquista de 25 anos. O resultado foi a morte dos catro militantes que alí se agochaban, e a incautación de folletos e propaganda insurreccional, así como algunhas armas e explosivos, sempre segundo a versión policial. As investigacións e interrogatorios baixo tortura levaron á Guardia Civil a outra serie de casas-refuxio os días seguintes, entre as cales estaba a de La Corales,





militante da sección coruñesa de Mujeres Libres de 41 anos, a cal logrou escapar pasando máis dun ano agochada por montes e aldeas próximos á Coruña.

Todas estas mulleres anarquistas, que deron a súa vida pola liberdade, foron agarimosamente homenaxeadas por Luis Chamorro –militante confederal coruñés que lograra escapar dende o Portiño en xaneiro de 1937– nun artigo publicado no nº 7 de *Galicia Libre*, o voceiro dos libertarios galegos na zona republicana, alcumándoas as nosas mapoulas:

> ***Nosotros, los que hemos convivido algún tiempo en Galicia mártir, no podemos olvidar a nuestros hermanos y compañeras, que después de un año de sufrimiento siguen en pie luchando por la liberación de nuestro terreno. Hay muchos casos de heroísmo y sacrificios, en donde, saltando los obstáculos que el fascismo impone, siguen aliviando la situación de los trabajadores que están perseguidos; muchas han caido en el camino; pero, por una que cae, se levantan cien para cubrir el puesto (...) y con nuestro pensamiento os mando un manojo de amapolas (rojas y negras), como vosotras hacíais cuando caía un galeoto de la Libertad; que muy pronto a las caidas en la lucha pondremos en sus tumbas.***

As mapoulas son flores que, pese á súa vida efémera, teñen a capacidade de espallar milleiros de sementes, moitas das cales permanecen dormentes durantes anos ata










que finalmente xermolan. O 10 de xullo ficaron destruidas as casas-refuxio das Atochas e asasinadas as nosas mapoulas libertarias, o que significou a aniquilación de calquera esperanza de revertir a situación golpista na cidade que noutrora fora considerada unha verdadeira "colonia libertaria" (Sangro y Ros, 1908). Pero nese acto de destrución as súas sementes de memoria e liberdade foron espalladas polo barrio enteiro, atopando terra fértil nos veciños dun barrio que nunca quixo esquecer, como demostraron Mariquiña Villaverde, Laura Torres e tantas outras veciñas das Atochas, que mantiveron o seu legado de memoria en condicións de extrema adversidade.


Hoxe, coa volta do nacionalcatolicismo á escena política e mediática, e coa proliferación dos seus símbolos de odio polas rúas da nosa cidade, é momento de facer aflorar no espazo público o legado daquelas mulleres boas e xenerosas. **Por iso cada 10 de xullo na praza Cántigas da Terra, onde estivo situada a casa-refuxio de María Otero, xuntámonos para celebrar o Día das Mapoulas Libertarias.** Unha celebración coa que queremos tamén aportar o noso gran de area na construción dun antifascismo en clave positiva, de xorne popular e con base nos barrios coruñeses que, como o das Atochas, fundáronse na solidariedade de clase. Uns barrios que son abertos e acolledores, e que levan no seu ADN a diversidade, a autoprotección colectiva e o apoio mutuo.














Á nosa mapoula Loli Patiño,
veciña e querídisima compañeira.

Encheremos de loita o inmenso baleiro que nos deixas.

En setembro, volvemos con novas actividades, en colaboración coa Clínica de Casas da ETSAC e o GAM de Dereito á Vivenda:

1-25 setembro

DEREITO Á CIDADE

faladoiros e obradoiro de aprendizaxe-servizo

memorias colectivas : urbanismo : veciñanza : socioloxía : racismo inmobiliario dereito : senfogarismo : okupación : auto-organización : aprendizaxe : comúns barrio : educación : especulación : infravivendas : realoxamentos : economía accesibilidade : arquitectura : hábitat : exclusión : baleiro : público : conflito : servizo

inscrición gratuita:
clinicacasasgal@gmail.com

diploma da OCV-UDC ás persoas inscritas e participantes (30h de formación)

máis información:

clinicadascasas.udc.gal
ig: @clinica_de_casas
fb: @clinicacasasgal

gamcoruna.org/vivenda
ig: @gamcoruna
fb:@corunaGAM

refuxiosdamemoria.org
tw: @refuxios

GAM A CORUÑA grupo de dereito á vivenda

sesións e faladoiros abertos

mércores 1 — lugar: ETS de Arquitectura

10h00 **Presentación e benvida, proxectos amigos**
GAM de vivenda da Coruña e Clínica de Casas da ETSAC :: Kaya Clínica :: Empty Coruña :: Arquitecturas Ambulatorias :: Refuxios da Memoria

(*) 15h30 **Roteiro polo barrio das Atochas - Monte Alto** :: Ergosfera

xoves 2 — lugar: Forum Propolis

19h00 **Espazo urbano: dereito ou mercadoría?**
Ergosfera :: AVV Francisco Rodríguez Otero (Labañou) :: Torcuato Teixeira (Lonxa da Coruña) :: AAVV Oza Gaiteira Os Castros

venres 3 — lugar: A Tobeira de Oza

19h00 **Organización e autodefensa**
Almudena Fernández (Dra. dereito, UDC) :: Sindicat de barri Poble Sec :: Sindicato de inquilinas Gran Canaria :: Corunha Antifascista :: Plan Sareb

xoves 9 — lugar: O Fiandón

19h00 **Dereito á vivenda e criminalización da pobreza**
Cristina Botana (Dra. urbanismo) :: Veciñanza da Pasaxe :: Afrogalegas :: Veciñanza da Zapateira

venres 10 — lugar: por confirmar, en función das restriccións sanitarias

19h00 **Redes para o dereito á cidade na Coruña**

xoves 23 — lugar: ETS de Arquitectura

19h00 **O dereito á cidade na Universidade da Coruña**

(*) É precisa inscrición nas sesións de traballo en obradoiro e no roteiro

obradoiro (*)

Refuxios da Memoria

Memorias colectivas e dereito á cidade no barrio das Atochas - Monte Alto

Veciñanza das Atochas - Monte Alto
Refuxios da Memoria
Clínica de Casas
Profesorado da Universidade da Coruña

Abordaranse os temas tratados nos faladoiros desde diferentes disciplinas: urbanismo, socioloxía, educación, economía, dereito...
Para alumnado de toda a Universidade da Coruña

días 1, 2, 9, 10, 16, 17, 23, 25, acordaranse coas inscritas

coordina
Clínica de Casas (ETSAC)



co-organizan
GAM de vivenda da Coruña : Refuxios da Memoria







